

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE**

ORDE do 23 de decembro de 2020 pola que se resolve a convocatoria de axudas para centros privados concertados da Comunidade Autónoma de Galicia no ámbito das bibliotecas escolares e o fomento da lectura para o curso 2020/21.

Mediante a Orde do 11 de agosto de 2020 (DOG do 1 de setembro), a Consellería de Cultura, Educación e Universidade publicou unha convocatoria de axudas para centros privados concertados da Comunidade Autónoma de Galicia no ámbito das bibliotecas escolares e o fomento da lectura para o curso 2020/21.

Unha vez rematado o procedemento establecido na convocatoria, cómpre facer pública a súa resolución definitiva indicando, para cada modalidade, a relación de centros beneficiarios das axudas e a contía, de conformidade co previsto no artigo 11 da devandita orde.

En consecuencia, por proposta da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos,

RESOLVO:

Primeiro. Integrar no Plan de mellora de bibliotecas escolares, para o curso 2020/21, os 7 novos centros privados concertados seleccionados, que se relacionan no anexo I, coa concesión das axudas que se sinalan.

Segundo. Conceder as contías que se detallan nos anexos II e III aos centros privados concertados integrados no Plan de mellora de bibliotecas escolares ao abeiro das convocatorias deste programa correspondentes aos anos 2019 e 2016-2018, respectivamente, revisadas as memorias de actividades desenvolvidas durante o ano académico 2019/20, así como as liñas prioritarias de actuación presentadas para o curso 2020/21.

Terceiro. Da mesma forma, conceder as contías que se sinalan no anexo IV aos centros que solicitaron, en tempo e forma, axudas na modalidade de Clubs de lectura.

Cuarto. Conceder as axudas que se sinalan no anexo V aos centros seleccionados na modalidade denominada Radio na biblio.

Quinto. Así mesmo, conceder as contías detalladas no anexo VI aos centros solicitantes, en tempo e forma, de axudas na modalidade Biblioteca inclusiva.



Sexto. Asignar, por un importe total de 177.750 € as contías que se detallan nos devanditos anexos, destinadas a apoiar os procesos de transformación das bibliotecas en centros de recursos de lectura, información e aprendizaxe, favorecer as actividades de fomento da lectura e de educación no acceso e uso da información; favorecer a creación de laboratorios de radio vinculados a bibliotecas xa integradas no Plan de mellora e facilitar avances cara a unha biblioteca inclusiva, de acordo cos proxectos e liñas prioritarias de actuación presentadas ao abeiro da Orde do 11 de agosto da convocatoria.

Sétimo. Os gastos realizados xustificaranse segundo o previsto no punto 2 do artigo décimo segundo da Orde do 11 de agosto de 2020, antes do 10 de xuño de 2021. Con ese mesmo límite de datas, deberá cubrirse o formulario, se é o caso, e entregarse as memorias correspondentes ás distintas liñas de axuda recibida, segundo o previsto no artigo 13 da orde de convocatoria. O acceso ao formulario web para os centros integrados no Plan de mellora de bibliotecas escolares, a que se fai referencia no punto 1.1 do devandito artigo da Orde do 11 de agosto, seralles remitido desde a unidade de seguimento destes programas (Asesoría de Bibliotecas Escolares).

Oitavo. A non entrega da memoria e/ou da xustificación do gasto no prazo sinalado poderá ser causa de revogación das axudas concedidas, debendo proceder o centro ao reintegro da cantidade percibida, sen prexuízo das responsabilidades que se lle poidan exixir. Da mesma forma, o incumprimento total ou parcial dos programas ou das condicións que se tiveron en conta para a súa concesión poderá dar lugar á anulación ou modificación da contía do importe concedido.

Noveno. Tanto a inspección educativa como as persoas responsables en materia de bibliotecas escolares da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos poderán supervisar e avaliar o funcionamento das bibliotecas adscritas ao Plan de mellora de bibliotecas escolares.

Décimo. Tal e como se recolle no artigo 19 da orde de convocatoria, a participación do profesorado implicado no programa de innovación educativa denominado Plan de mellora de bibliotecas escolares, en calidade de responsable da biblioteca escolar, con funcións de coordinación do equipo de apoio á biblioteca, e pola especial dedicación que require, recibirá unha certificación de innovación, equivalente a 30 horas de formación do profesorado por ano académico, ao abeiro do artigo 37 da Orde de 14 de maio de 2013 pola que se regula a convocatoria, o recoñecemento, a certificación e o rexistro das actividades de formación permanente do profesorado de Galicia.



Décimo primeiro. Os centros integrados no Plan de mellora de bibliotecas escolares en virtude desta convocatoria están obrigados a integrar o logo oficial deste programa nos seus espazos web e nos documentos que difundan actividades da biblioteca escolar, para o que lles será remitido o correspondente arquivo desde a unidade de seguimento do programa. Da mesma forma, a páxina web do centro deberá incluír, entre a información das súas instalacións, imaxes e unha descrición mínima da biblioteca escolar, así como dos seus principais recursos e servizos á comunidade educativa.

Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer o recurso postestativo de reposición ante o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou, directamente, recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados desde a mesma data, de acordo cos artigos 10, 14 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2020

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade

ANEXO I

Centros que se integran no Plan de mellora de bibliotecas escolares na convocatoria de 2020. Artigo 16, punto 2.a), da Orde do 11 de agosto de 2020

Código	Centro	Concello	Provincia	Período 2020				Período 2021				Total axuda
				Fondos	Mobil/ equip.	Gtos. Fto. BE	Total 2020	Fondos	Mobil/ equip.	Gtos. Fto. BE	Total 2021	
15022000	CPR Plurilingüe Montegrande	Coruña, A	A Coruña	1.300	600	150	2.050	2.600	1.200	300	4.100	6.150
15015597	CPR Plurilingüe La Milagrosa	Santiago de Compostela	A Coruña	1.500	650	150	2.300	3.000	1.300	300	4.600	6.900
32008604	CPR Plurilingüe Santa Maria	Ourense	Ourense	1.200	600	100	1.900	2.400	1.200	200	3.800	5.700
36017031	CEEPR Aceesca	Porriño, O	Pontevedra	1.000	400	100	1.500	2.000	800	200	3.000	4.500
36016024	CPR Plurilingüe Abrente	Sanxenxo	Pontevedra	1.300	600	150	2.050	2.600	1.200	300	4.100	6.150
36010836	CPR Breogán	Vigo	Pontevedra	1.200	500	150	1.850	2.400	1.000	300	3.700	5.550
36011178	CPR Plurilingüe Miraiba	Vigo	Pontevedra	1.600	750	150	2.500	3.200	1.500	300	5.000	7.500



ANEXO II

**Centros concertados integrados no Plan de mellora de BE no ano 2019.
Artigo 16, punto 2.b), da Orde do 11 de agosto de 2020**

Código	Centro	Concello	Provincia	Período 2020				Período 2021				Total axuda
				Fondos	Mobil/ equip.	Gtos. Fto. BE	Total 2020	Fondos	Mobil/ equip.	Gtos. Fto. BE	Total 2021	
15006501	CPR Plurilingüe Cristo Rey	Ferrol	A Coruña	1.200	500	100	1.800	2.400	1.000	200	3.600	5.400
27006255	CPR Plurilingüe Divino Maestro	Lugo	Lugo	1.200	500	100	1.800	2.400	1.000	200	3.600	5.400
36016115	CPR Eduardo Pondal	Cangas	Pontevedra	1.500	500	200	2.200	3.000	1.000	400	4.400	6.600
36019840	CEEPR San Jerónimo Emiliani	Guarda, A	Pontevedra	1.000	400	100	1.500	2.000	800	200	3.000	4.500
36011622	CPR Aloya	Vigo	Pontevedra	1.200	500	100	1.800	2.400	1.000	200	3.600	5.400
36010356	CPR Plurilingüe Escuelas Nieto	Vigo	Pontevedra	1.100	500	100	1.700	2.200	1.000	200	3.400	5.100
36011221	CPR Plurilingüe Padre Míguez	Vigo	Pontevedra	1.200	500	100	1.800	2.400	1.000	200	3.600	5.400

ANEXO III

**Centros concertados integrados no Plan de mellora de BE nos anos 2016-2017-2018
(artigo 16, punto 2.c), da Orde do 11 de agosto de 2020**

Código	Centro	Concello	Provincia	Período 2020	Período 2021	Total axuda
				Fondos	Fondos	
15000600	CPR Plurilingüe Ntra. Sra. del Rosario	Arzúa	A Coruña	500	1.000	1.500
15001112	CPR Plurilingüe Nuestra Señora del Carmen	Betanzos	A Coruña	500	1.000	1.500
15004083	CPR Plurilingüe Compañía de María	Coruña, A	A Coruña	850	1.700	2.550
15004198	CPR Plurilingüe Hijas de Jesús	Coruña, A	A Coruña	600	1.200	1.800
15006353	CPR Plurilingüe Jorge Juan	Fene	A Coruña	700	1.400	2.100
15006481	CPR Plurilingüe Compañía de María	Ferrol	A Coruña	500	1.000	1.500
15006390	CPR Plurilingüe Jesús Maestro	Ferrol	A Coruña	500	1.000	1.500
15006882	CPR Plurilingüe Valle Inclán I	Ferrol	A Coruña	700	1.400	2.100
15007230	CPR Ntra.Sra. del Carmen	Fisterra	A Coruña	500	1.000	1.500
15010071	CPR Jorge Juan	Narón	A Coruña	700	1.400	2.100
15010769	CPR Plurilingüe María Assumpta	Noia	A Coruña	600	1.200	1.800
15015548	CPR Plurilingüe Divino Maestro	Santiago de Compostela	A Coruña	500	1.000	1.500
15015627	CPR Plurilingüe San José de Cluny	Santiago de Compostela	A Coruña	800	1.600	2.400
32016728	CPR Plurilingüe Luís Vives	Ourense	Ourense	600	1.200	1.800



Código	Centro	Concello	Provincia	Período 2020	Período 2021	Total axuda
				Fondos	Fondos	
32016194	CPR Plurilingüe Guillelme Brown	Pereiro de Aguiar, O	Ourense	500	1.000	1.500
32013557	CPR Plurilingüe María Inmaculada	Verín	Ourense	500	1.000	1.500
36018847	CEEPR Juan María	Nigrán	Pontevedra	700	1.400	2.100
36006699	CPR Plurilingüe Sagrado Corazón de Jesús	Pontevedra	Pontevedra	850	1.700	2.550
36006997	CPR Santo Tomás	Porriño, O	Pontevedra	500	1.000	1.500
36014209	CPR Plurilingüe Andersen Augalonga	Vigo	Pontevedra	700	1.400	2.100
36011142	CPR Plurilingüe María Auxiliadora	Vigo	Pontevedra	800	1.600	2.400
36011351	CPR Plurilingüe San José de Cluny	Vigo	Pontevedra	600	1.200	1.800
36011312	CPR San Fermín	Vigo	Pontevedra	700	1.400	2.100

ANEXO IV

**Clubs de lectura-concertados. Artigo 21, punto 2,
da Orde do 11 de agosto de 2020**

Código	Centro	Concello	Provincia	Período 2020	Período 2021	Total axuda
				Fondos	Fondos	
15001112	CPR Plurilingüe Nuestra Señora del Carmen	Betanzos	A Coruña	400	800	1.200
15006420	CPR Plurilingüe La Salle	Ferrol	A Coruña	400	800	1.200
15007230	CPR Ntra.Sra. del Carmen	Fisterra	A Coruña	300	600	900
15014349	CPR Plurilingüe Sagrado Corazón de Jesús	Ribeira	A Coruña	300	600	900
15015548	CPR Plurilingüe Divino Maestro	Santiago de Compostela	A Coruña	400	800	1.200
15015627	CPR Plurilingüe San José de Cluny	Santiago de Compostela	A Coruña	700	1.400	2.100
27006255	CPR Plurilingüe Divino Maestro	Lugo	Lugo	700	1.400	2.100
27010911	CPR Plurilingüe Sagrado Corazón de Jesús	Ribadeo	Lugo	400	800	1.200
32008525	CPR Plurilingüe Divina Pastora	Ourense	Ourense	400	800	1.200
32016728	CPR Plurilingüe Luís Vives	Ourense	Ourense	400	800	1.200
36016115	CPR Eduardo Pondal	Cangas	Pontevedra	400	800	1.200
36007527	CPR Plurilingüe La Inmaculada	Ponteareas	Pontevedra	400	800	1.200
36006699	CPR Plurilingüe Sagrado Corazón de Jesús	Pontevedra	Pontevedra	400	800	1.200
36006997	CPR Santo Tomás	Porriño, O	Pontevedra	400	800	1.200
36016024	CPR Plurilingüe Abrente	Sanxenxo	Pontevedra	400	800	1.200
36025037	CPR Plurilingüe Las Acacias-Montecastelo	Vigo	Pontevedra	400	800	1.200
36011142	CPR Plurilingüe María Auxiliadora	Vigo	Pontevedra	400	800	1.200
36011385	CPR Plurilingüe Ntra. Señora de la Esperanza	Vigo	Pontevedra	300	600	900
36010848	CPR Plurilingüe San Fernando	Vigo	Pontevedra	300	600	900
36011351	CPR Plurilingüe San José de Cluny	Vigo	Pontevedra	400	800	1.200



ANEXO V

**Radio na biblio-concertados. Artigo 24, punto 3,
da Orde do 11 de agosto de 2020**

Código	Centro	Concello	Provincia	Período 2020			Período 2021			Total axuda
				Equipamentos	Formación	Total 2020	Equipamentos	Formación	Total 2021	
15001112	CPR Plurilingüe Nuestra Señora del Carmen	Betanzos	A Coruña	400	280	680	800	560	1.360	2.040
15006390	CPR Plurilingüe Jesús Maestro	Ferrol	A Coruña	400	280	680	800	560	1.360	2.040
27006255	CPR Plurilingüe Divino Maestro	Lugo	Lugo	400	280	680	800	560	1.360	2.040
36016115	CPR Eduardo Pondal	Cangas	Pontevedra	400	280	680	800	560	1.360	2.040
36019840	CEEPR San Jerónimo Emiliani	Guarda, A	Pontevedra	400	280	680	800	560	1.360	2.040

ANEXO VI

Biblioteca inclusiva. Artigo 29, punto 2, da Orde do 11 de agosto de 2020

Código	Centro	Concello	Provincia	Período 2020	Período 2021	Total axuda
				Biblio inclusiva 2020	Biblio inclusiva 2021	
15006420	CPR Plurilingüe La Salle	Ferrol	A Coruña	1.000	2.000	3.000
15021950	CEEPR Aspace	Sada	A Coruña	1.000	2.000	3.000
27006255	CPR Plurilingüe Divino Maestro	Lugo	Lugo	1.000	2.000	3.000
36016115	CPR Eduardo Pondal	Cangas	Pontevedra	900	1.800	2.700
36017031	CEEPR Aceesca	Porriño, O	Pontevedra	1.000	2.000	3.000
36010836	CPR Breogán	Vigo	Pontevedra	700	1.400	2.100
36011385	CPR Plurilingüe Ntra. Señora de la Esperanza	Vigo	Pontevedra	900	1.800	2.700

